

CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES**Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común**

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfno. 29 00 00

Data 16/12/1996	Referencia EXP. 334	Destinatario
Asunto Resolución de expediente de calificación de monte vecinal en man común		Sr. Xefe do Servizo de Montes e I.F.

Aos efectos oportunos coño no seu coñecemento a Resolución do expediente de calificación nº 334 do monte "De Suevos", do lugar de Suevos, parroquia de Coiro, concello de Mazaricos, segundo o acordo deste Xurado na súa reunión de data 16 de decembro de 1996:

"Reunido con data 16 de decembro de 1996 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Delegado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, D. Rogelio Aramburu Núñez, con asistencia do Vicepresidente Ilmo. Sr. D. Angel Barrallo Sánchez, Maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña, os Vocais, D. Federico Sánchez Rodríguez, Xefe do Servizo de Montes e I.F., D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común e do Secretario D. Manuel Puente Araújo, Letrado da citada Delegación, para estudar e resolve-lo

Expediente nº 334
Monte: De Suevos
Lugar: Suevos
Parroquia: Coiro
Concello: Mazaricos

ANTECEDENTES DE FEITO.-

19. Diversos veciños do lugar de Suevos, parroquia de Coiro, concello de Mazaricos, solicitaron con data 14/11/1995 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:



CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfños. 18 59 02 - 18 59 03

Superficie: 106 Ha.

Lindeiros: É parte do monte Cadaval, Ruña e outros, nº 103-D do C.U.P.

NORTE e OESTE: Desde o punto denominado Cruz de Servo Saído, próximo ó piquete nº 253, en liña recta ata o piquete nº 179, co monte da comunidade de Manda.

LESTE: Do piquete nº 179 ao 185 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares de veciños de Suevos.

SUR: Desde o piquete nº 185 seguindo devasa ata o piquete nº 250, con mais monte Cadaval, Ruña e outros. Desde o piquete nº 250 seguindo a orde de piquetes ata o 253 e déste ao punto Cruz de Servo Saído, con termo do concello de Muros.

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 26/02/1996, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeándose como Instructor do mesmo a D. Federico Sánchez Rodríguez, quen aceptou expresamente dito cargo. Procedéuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Mazaricos, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 197 de 08/10/1996), taboleiro de anuncios do Concello e lugares de costume.

3º. Os veciños de Suevos fundamentan a súa petición perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común no aproveitamento desde tempo inmemorial de forma consuetudinaria, en réxime de comunidade e sin asignación de cotas segundo os usos e costumes, o monte correspondente a dito lugar. Presentan copia de escrituras con referencia á existencia de tal monte veciñal.

Asimesmo, tal petición é informada favorablemente polo acordo do Pleno do Concello de Mazaricos de data 27/10/1995.

4º. Mediante escrito de data 15/11/1996 os veciños de Suevos solicitan unha modificación dos lindeiros do monte respecto á petición inicial, en base a cometer un erro na descripción do monte. Tras solicitar informe á Gardería Forestal, a modificación é aceptada polo Xurado e incorporada ó descrito no punto 1º.



CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfños. 18 59 02 - 18 59 03

50. Na tramitación das presentes actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92 de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables no caso.

Celebrada sesión o día de hoxe, á que se citaron en legal forma tódolos interesados no expediente, comparecieron e oíronse aos promotores do mesmo, os cales se ratificaron no solicitado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.-

VISTOS os antecedentes expostos, procede formular as consideracións seguintes:

10. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos artgs. 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.

20. De conformidade co contido do artg. 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños de Suevos, parroquia de Coiro, concello de Mazaricos, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

30. Para a súa calificación como veciñal en man común o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artgs. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do que se expresa no 3º punto, dedúcese de forma indiscutible que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal do lugar de Suevos, parroquia de Coiro, concello de Mazaricos, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Por iso, éste Xurado á vista dos antecedentes e Fundamentos de Dereito expostos, nesta data,

ACORDA calificar como Monte Veciñal en Man Común da Comunidade Veciñal do lugar de Suevos, parroquia de Coiro, concello de Mazaricos, o denominado Monte "De Suevos", cos lindeiros, superficie e características que figuran no antecedente primeiro. Asimesmo se acorda excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Agricultura, Gandería e Montes da Coruña".

Contra a presente Resolución poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a partir do momento de recepción da presente, segundo a ata agora vixente Lei de Procedemento Administrativo.

A Coruña, 16 de decembro de 1996

Vº e Pr.

O PRESIDENTE DO XURADO,

O SECRETARIO DO XURADO,

Asdo. Rogelio Aramburu Núñez

Asdo. Manuel Puente Araújo



MONTE CADAVAL, RUÑA E OUTROS
Nº 13-D DO C.U.P.
CONCELLO DE MAZARICOS
CUADRO DE SUPERFICIES (Has)

	Sup. Total	Sup. Enclavados	Sup. Escudela Mone	Sup. Publica	Sup. Escudela Convenio	Sup. Convenio
1515570 FORNIS	214.5000	2.6000	0.0000	211.9000	118.0000	92.0000
IMVIC XESTOSO	42.0000	0.0000	8.4376	33.5624		
IMVIC A MANDA	372.0000	84.0000	0.0000	288.0000	0.0000	0.0000
C-21234-7 PUJARREIPAS	306.0000	13.4000	0.0000	292.2000		
1515805 SUELOS	66.0000	5.0000	0.0000	60.0000	2.8000	87.2000
C-21234-7 CORROBEDO*	124.0000	28.0000	0.0000	96.0000		
VEGECIOS VILAR DE COSTA	115.0000	38.0000	77.0000	0.0000	0.0000	0.0000
RESTO C-2124 SUR*	53.0000	0.0000	0.0000	53.0000		
DO C-2124 Outeiro Grande	13.0000	0.0000	0.0000	13.0000		
MONTE Enclavado A	4.0000	4.0000	0.0000	0.0000	0.0000	0.0000
TOTAL	1.338.5000	175.4000	85.4376	1.077.6624	122.7000	179.2000

*Denominacion provisional
Datos: Mayo de 2005.


Denominación provisional
 uatos: Mayo de 2005

PLANO DEL DESLINDE DEL MONTE

CADAVAL, RUÑA Y OTROS

PAPROQUIA DE COIRO

AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS



de

Carnota

La Coruña Septiembre de 1952

El Ingeniero

Término municipal de Muros

EXCLUIDO

VECINOS DE VILAR DE COSTA

CABIDA TOTAL	: 115,00 Ha
ENCU AVADO	: 2000 U

ENCLAVADOS	: 38,00 Ha
SUP EXCLUIDA	: 77,00 Ha

LEVANTAMIENTO TOPOGRAFICO :

MARZO DE 1997